Compostela Cultura

2026 / 2027

CONTEMPORÁNEAS

CONTEMPORÁNEAS

P 4	**28 SETEMBRO** ARXIS ENSEMBLE / MARGARITA RODRÍGUEZ / AITOR VÁZQUEZ
P 19	**20 OUTUBRO** JONDE E KLANGFORUM WIEN / JÚLIA CRUZ
P 20	**21, 22, 23 OUTUBRO** JONDE E ENSEMBLE MODERN
P 23	**24 OUTUBRO** JONDE E KLANGFORUM WIEN / ISABEL RUBIO
P 24	**25 NOVEMBRO** LA GEOMETRÍA IMPERFECTA DEL OLVIDO
P 26	**15 DECEMBRO** ELISA VÁZQUEZ DOVAL
P 28	**2 FEBREIRO** BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

P 31 **16 FEBREIRO**
ADHARA DÚO

P 34 **9 MARZO**
FRAMES PERCUSSION

P 36 **31 MARZO**
MELOS NEW VOCAL MUSIC COLLECTIVE /
ENSEMBLE NEW BABYLON / VERTIXE SONORA

P 40 **20 ABRIL**
DÚO SEIVA

P 42 **11 MAIO**
TRÍO PRESELI

P 45 **6 XUÑO**
ENSEMBLE MÚSICA PRÁCTICA /
ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ARXIS ENSEMBLE / MARGARITA RODRÍGUEZ / AITOR VÁZQUEZ

CONCERTO EXTRAORDINARIO DE PRESENTACIÓN DO PREMIO INTERNACIONAL ANDRÉS GAOS DE COMPOSICIÓN MUSICAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Jacobo Gaspar (1975)
Sombras de inverno III (2026)
Morton Feldman (1926-1987)
Voice and instruments II (1974)
Rebecca Saunders (1967)
Quartet (1998)
Aitor Vázquez (1993)
Sonora - una fisura da poesía de Chus Pato (2025)
Obra gañadora do XVI Premio Internacional Andrés Gaos de Composición Musical da Deputación da Coruña

28 SETEMBRO

20.00 h
Concerto de presentación
Sala Mozart
Auditorio de Galicia
Duración aproximada: 55 min

Contemporáneas é una programación dedicada á creación musical contemporánea, concibida como espazo de encontro entre diferentes xeracións, estéticas e procedencias que presta especial atención á creación galega, á obra de compositoras, ás estreas e á celebración de figuras fundamentais da música dos séculos XX e XXI. Este concerto extraordinario é unha declaración de intencións e o seu programa anticipa os eixes que atravesarán o ciclo: a creación como espazo de memoria e de risco, o diálogo entre compositoras e compositores, a atención á creación galega e a vontade de situar no centro voces imprescindibles da música contemporánea.
As obras deste primeiro encontro propoñen, desde linguaxes moi dispares, unha mesma reflexión sobre a escoita e sobre o son entendido non como vehículo dun discurso, senón como materia, como tempo e como espazo. *Sombras de inverno III* de Jacobo Gaspar, convive coa suspensión temporal e a delicada arquitectura sonora de *Voice and Instruments II* de Feldman, cuxo centenario motiva un fito no ciclo. O *Quartet* de Rebecca Saunders afonda na fisicidade do son e na tensión do xesto instrumental, ao tempo que *Sonora – unha fisura da poesía de Chus Pato*, a obra coa que Aitor Vázquez gañou o XVI Premio Internacional Andrés Gaos da Deputación da Coruña, profunda no diálogo entre música e palabra. Máis que presentar un repertorio, este concerto debuxa un horizonte de exploración: un mapa no que asoman os camiños que o ciclo percorrerá ao longo da tempada.

Arxis Ensemble

Dedicado á exploración, difusión e interpretación do repertorio contemporáneo dos séculos XX e XXI, para enriquecer activamente a escena musical actual, o Ensemble centra o seu labor no diálogo entre obras fundamentais do século pasado e novas correntes da creación sonora contemporánea. Integrado por intérpretes procedentes de distintas xeografías e traxectorias artísticas, Arxis Ensemble está especializado en música contemporánea adquirida nos centros europeos máis influentes do panorama actual. Esta formación diversa e cosmopolita tradúcese nunha actividade marcada pola colaboración con compositores internacionais e o contacto con múltiples estéticas —desde o interdisciplinar e performativo ata a investigación instrumental máis avanzada—, sempre reinterpretadas desde unha ollada propia e plenamente actual. Arxis Ensemble sitúase nun contexto de renovación xeracional da música contemporánea, tendendo

pontes entre os grandes creadores da segunda metade do século XX e as novas voces do XXI. Combina a excelencia técnica coa experimentación sonora para revisitar o repertorio contemporáneo, propoñer novas lecturas e contribuír á vitalidade da música actual. Durante a súa primeira tempada en 2022, foi dirixido por Beat Furrer, con quen realizou a estrea en España da súa obra *Akusmata*, en colaboración co ensemble vocal austríaco Cantando Admont. Ademais, o conxunto contou con Aitor Vázquez Torres como director convidado e con Igor C. Silva como compositor residente, desenvolvendo actividades e concertos arredor do centenario do nacemento de Iannis Xenakis, que culminaron coa interpretación do sexteto de percusión *Pléïades* no marco do V Festival RESIS. Desde 2023, Arxis participou nalgúns dos festivais de música contemporánea máis prestixiosos de España, entre eles ENSEMS, o Festival Internacional de Música de Canarias e RESIS, no que se presenta anualmente como ensemble en residencia. A nivel internacional, destacan concertos na Real Academia de España en Roma, na Fundación Biermans Lapôtre de París, nos festivais Rathenower Tage für Neue Musik e no Nuova Consonanza. Neste contexto, Arxis Ensemble presentou numerosas estreas en España e en Galicia de obras dalgúns dos compositores e compositoras máis relevantes da actualidade, como R. Saunders, B. Furrer, A. Posadas, S. Glojnarić, H. Lachenmann, W. Rihm, R. Riehm, J. Gaspar e J. M. López López, así como estreas absolutas de H. Gómez-Chao, Igor C. Silva e Claudia Cañamero, entre outros. Ao longo da súa traxectoria, Arxis traballou con directores como B. Wiegers, B. Furrer, A. Merino, N. de Paz, A. Sánchez Torres e D. Huertas, en escenarios como o Palau de Les Arts, o Espacio CajaCanarias, o Teatro Guiniguada, o Kulturzentrum Rathenow (Brandeburgo), a Casa das Máquinas e a Cidade da Cultura en Santiago de Compostela; e, na Coruña, o Teatro Rosalía de Castro, o Castelo de San Antón, a Igrexa de Santiago, a Sala de Exposicións Palexco, o Teatro Colón, a Domus, o Museo de Belas Artes e o Paraninfo da UDC.

Este concerto contará coas interpretacións de Clara Giner (frauta), Sergi Bayarri (clarinete), Noé Rodrigo (percusión), Nikola Tanaskovic (acordeón), Magdalena Cerezo (piano), Blanca Budiño (violonchelo), Zacharias Fasshauer (contrabaixo) e coa dirección de Aitor Vázquez Torres.

Margarita Rodríguez

Margarita Rodríguez destaca na crítica musical polo seu «belo timbre, cristalino e brillante, e pola súa afinación impoluta». A soprano mallorquina, licenciouse en Bioquímica e en Bioloxía antes de graduarse en Canto na ESCM de Madrid. Traballou con prestixiosos directores como W. Christie, M. Suzuki, K. Nagano, J. M. Moreno, J. Savall e A. Litton, e debutou como Sacerdotessa de *Aida* no Teatre Principal de Palma xunto ao mestre M. Fischer-Dieskau. No eido da ópera e o oratorio, interpretou roles como Pamina, Musetta ou Gretel, e sobresae polo seu virtuosismo en obras como *O Mesías* de Händel, *Exsultate, Jubilate!* de Mozart ou as sinfonías núm. 4 de Mahler e núm. 9 de Beethoven. É habitual nos principais festivais de música antiga de España, incluíndo Madrid, Aranjuez, Getafe e a Semana de Música Religiosa de Cuenca, e debutou con grande éxito no ciclo Les Arts és Barroc do Palau de les Arts de Valencia coa orquestra La Dispersione. No ámbito do repertorio contemporáneo, debutou como L'Angelo en *Il Giardino della Vita* de J.M. Sánchez-Verdú baixo a dirección de A. Tamayo. Desde entón, estreou multitude de composicións, como *Aleph* de I. Pérez-Frutos, *Lo Grotesco* de S. Blardony, *Mari* de W. De Vleeschhouwer ou a recente adaptación de J. Torres sobre a *Symphonia armonie celestium revelationum* de Hildegard Von Bingen. Tamén destacan as súas estreas de pezas de H. Gómez-Chao, como *Interieur en Roma* e *Tres Veus* no Museo Tàpies de Barcelona, así como a súa interpretación de *Chant après chant* de J. Barraqué xunto ao ensemble Neopercusión no Auditorio Nacional de Madrid. A súa presenza é recorrente en ciclos e festivais especializados na creación actual, tales como EposLab, Ciclos OCNE, After Cage ou Musikagileak.

Aitor Vázquez Torres

Aitor Vázquez Torres compositor e director de orquestra. Estudou Composición no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid (RCSMM), onde recibiu o Premio Flora Prieto - Jorcam de Composición e obtivo posteriormente o segundo premio no I Concurso de Jóvenes Compositores Andaluces. Tras completar os seus estudos de Composición, continuou a súa formación en Dirección de Orquestra na Kunst-Universität de Graz (Austria) con Marc Piollet e Wolfgang Döerner, complementando a súa aprendizaxe con clases maxistrais de Roland Klutig e prácticas co Klangforum. Especializouse

na dirección de música contemporánea estudando con Arturo Tamayo en Lugano (Suíza), con Peter Rundel – Remix Ensemble e con Sandro Gorli – Divertimento Ensemble. Desde 2021 participou como director convidado do Arxis Ensemble e dirixiu en eventos como o Festival RESIS de Música Contemporánea, os ciclos «Matinais Musicais» da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela e no certame final da XV edición do Premio Gaos de Composición. Actualmente, combina o seu labor como director cun regreso á composición, tras gañar a Convocatoria de Jóvenes Compositores/as de Plural Ensemble 2024; obter unha mención pola obra *Zwischen Licht und Leere* en «Ink Still Wet» 2025 do Festival Grafenegg (Austria), sendo convidado por este motivo como compositor oínte; gañar o XXIII Premio Internacional Joan Guinjoan para Jóvenes Compositores 2025; e gañar o XVI Premio Internacional Andrés Gaos 2025/2026, tanto na modalidade de ensemble, con *Sonora*, como na modalidade de orquestra, con *Fenda*.
Para a tempada 2025/2026, foi seleccionado como compositor polo NEMA Ensemble (Nápoles, Italia) no marco do Festival Mixtur de Barcelona, e elixido como un dos cinco directores-compositores para participar co FontanaMIX Ensemble (Boloña, Italia). En 2025 obtivo o recoñecemento de «Joven Talento de Jerez 2025».

© imaxe: Michal Novak

JOVEN ORQUESTA NACIONAL DE ESPAÑA

A Joven Orquesta Nacional de España (JONDE) será protagonista de Contemporáneas 2026, cunha ampla estadía en Santiago de Compostela que combinará formación e actividade concertística. A partir do 13 de outubro, o Auditorio de Galicia acollerá o quinto Encontro anual da JONDE de 2026, no que os seus 52 músicos, de entre 19 e 26 anos, prepararán dous proxectos dedicados á música contemporánea xunto a integrantes de dúas formacións internacionais de referencia: **o Klangforum Wien e o Ensemble Modern.**

Este traballo previo terá a súa continuación no programa de Contemporáneas, que a JONDE abrirá con cinco concertos do 20 ao 24 de outubro no Auditorio de Galicia, a Casa das Máquinas e o Teatro Principal. A proposta pon o foco na creación musical de compositoras dos séculos XX e XXI, cun repertorio de diferentes xeracións, procedencias e linguaxes estéticas, e incluirá importantes estreas, entre elas as absolutas de obras de Carme Rodríguez, Helena Cánovas e Nuria Núñez Hierro. Deste xeito, a presenza da JONDE en Compostela une a súa vocación formativa coa creación e interpretación da música do noso tempo.

A Joven Orquesta Nacional de España (JONDE), pertencente ao INAEM (Ministerio de Cultura), foi creada en 1983 co propósito de formar ao máis alto nivel músicos españois na etapa previa ao exercicio da súa profesión. O seu obxectivo prioritario é o perfeccionamento profesional e artístico dos seus músicos a través do estudo e a práctica do repertorio universal sinfónico e de cámara, por medio da celebración de varios Encontros anuais. Estes Encontros son tutelados por profesores e dirixidos por mestres de recoñecido prestixio nacional e internacional, e culminan coa celebración de xiras de concertos, a participación en proxectos diversos e a gravación dun xa extenso catálogo de CD e DVD. A JONDE contou con directores invitados como Carlo Maria Giulini, Krzysztof Penderecki, Eliahu Inbal, Rafael Frühbeck de Burgos, Jesús López-Cobos, Pablo Heras-Casado, Juanjo Mena, Josep Pons, Ernesto Halffter, Vasily Petrenko, Christopher Hogwood, James Conlon, Giandrea Noseda, Fabio Biondi, Paul Goodwin, Gunther Schuller, Pablo González, Nuno Coelho, Antoni Ros Marbà, Víctor Pablo Pérez e Alberto Zedda, e ten colaborado con solistas como Mstislav Rostropovich, Elizabeth Leonskaja, Christian Zacharias, Teresa Berganza, Juan Diego Flórez, Pablo Sainz Villegas, Rafael Orozco ou Asier Polo, entre outros moitos.

A JONDE presentouse en numerosos auditorios, festivais e tempadas a nivel nacional e internacional. Igualmente, ten desenvolvido proxectos complementarios á súa actividade principal e actualmente participa en programas internacionais de intercambio de músicos como EFNYO, Iberorquestas Juveniles e MEDINEA. Actualmente, a orquestra mantén unha colaboración coa Fundació Ferrer de Música, para difundir anualmente o Premio Reina Sofía de Composición Musical e desenvolver un importante programa de bolsas para as persoas novas que integran esta formación. Os seus directores artísticos foron Edmon Colomer (1983-1995), Llorenç Caballero (1995-2001) e José Luis Turina (2001-2020). Desde 2020, a directora artística da JONDE é a violinista e pedagoga española Ana Comesaña.

PROXECTO ENSEMBLE

Joven Orquesta Nacional de España (JONDE) e Klangforum Wien
Júlia Cruz, directora - Ensemble I
Isabel Rubio, directora - Ensemble II

Violíns I
Josep Alborch Lluna
Pedro Budiño Pinaque
Vlad Álvaro Díaz-Regañón Vacarescu
Manuel Pérez Morodo

Violíns II
Gunde Jäch-Micko**
Irene Mena García de Salazar
Emma Ortega Richarte

Violas
Adela Beiro Guillas
Mateo García Martín
Laura Torroba Bachiller

Violonchelos
Gemma Dalmau Domingo
Andreas Lindenbaum**
Daniel Pozas Martín

Contrabaixos
Javier Echepare Portero
José Lorenzo Salas Raposo

Frautas
Ariadna Cornadó Restoy
Ricard Prió Graus

Óboes
Martín Lopesinos Bercianos
Lucas Martínez Riaza

Clarinetes
José Manuel López González
José Muñoz Román
Bernhard Zachhuber**

Saxofón
Gerald Preinfalk**

Fagot
Salvador Ruiz Martínez

Trompas
Roi Guzmán Gómez
Guzmán Ramírez Jimeno*

Trompetas
Alba García García
Anders Nyqvist**

Trombón
Pablo Carbonell Galiana

Tuba
Samuel Hernández Imbernón

Percusión
Sergi Alberola Belda*
Aitor Herrero Torregrosa
Michael Weilacher **

Arpa
Teodora Cotuna Rizea

Piano
Noé Pérez Vos*
Johannes Piirto**

Acordeón
Pedro Miguel Martins Rolao*

Guitarra eléctrica
Adrià Blanco Ramón*

Director asistente - Ensemble I
Xaime Irisarri

Directora asistente - Ensemble II
Belén Clemente

* Músico convidado
** Integrante do Klangforum Wien

PROXECTO DE CÁMARA
Joven Orquesta Nacional de España (JONDE) e Ensemble Modern

Violíns
Corinna Canzian**
Víctor Coll Sanchis
Kira Dove
Elena Marabini Zamorano

Violas
Elsa de Benito Forriol
Maialen Lagos Gallastegui
Pablo Nieto López

Violonchelos
Julia Erra Euras
Roberto Gil Bermejo
Enma González Blanco
Annie Jacobs-Perkins**

Contrabaixo
Víctor Chávez García

Frautas
Inés Cantos Sánchez
Amelia Ramírez Rodríguez
Dietmar Wiesner**

Óboe
Francisco Javier Ruiz Rivas

Clarinetes
José Manuel Acevedo Real
Iñigo Alonso**
María González Moreno

Fagot
David Garnés Poveda

Trompa
Sofía de Miguel Hoyuelos

Percusión
Manuel Monterrubio Martín
Pablo Navarro Díaz

Piano
Pablo Lorenzo García*
Miguel Vicente Brozas*
Ueli Wiget**

* Músico convidado
** Integrante do Ensemble Modern

© imaxe: Fina Herz

Klangforum Wien

Klangforum Wien reúne 25 músicos de 13 países que exploran constantemente novos horizontes da creación artística xunto a algúns dos compositores máis destacados do noso tempo. Aberto á experimentación, de extraordinaria excelencia técnica e dotado dunha excepcional sensibilidade sonora, Klangforum Wien, un dos ensembles de música contemporánea máis prestixiosos do panorama internacional, dedica o seu labor á interpretación artística e á ampliación dos límites da experiencia musical. Cada un dos seus concertos constitúe un acontecemento no sentido máis pleno do termo: unha experiencia sensorial inmediata e intensa, na que a novidade da música interpela, conmove e cativa o oínte. Fundado en 1985 por Beat Furrer, o conxunto escribiu unha páxina fundamental na historia da música contemporánea e foi distinguido con numerosos premios e recoñecementos ao longo da súa traxectoria. Desde a súa creación presentou arredor de 600 estreas absolutas de compositores procedentes de catro continentes e desenvolveu unha ampla discografía que supera os 90 títulos. Ao tempo que mantén unha tempada de concertos propia no Wiener Konzerthaus, Klangforum Wien actúa nas salas, teatros de ópera e festivais internacionais máis prestixiosos de Europa. Desde 2009, os seus integrantes comparten o seu amplo coñecemento das técnicas instrumentais e as linguaxes interpretativas contemporáneas con novas xeracións de músicos a través dunha cátedra colectiva na Universidade de Música e Artes Escénicas de Graz. A coidada selección do seu repertorio e a profunda comprensión das obras que interpreta son a base dunha proposta artística caracterizada pola variedade estética, a excelencia interpretativa e unha inconfundible vitalidade musical.

© imaxe: Stefanie Kösling

Ensemble Modern

Ensemble Modern é un firme defensor da música do noso tempo: valente, inconformista e cheo de enerxía. Un referente imprescindible e esteticamente plural que impulsa as propostas sonoras máis innovadoras da creación contemporánea. Considerado un dos conxuntos de música contemporánea máis prestixiosos do mundo, foi fundado en 1980 e ten a súa sede en Frankfurt. Na actualidade, a súa actividade artística está definida por 18 solistas que integran este conxunto organizado de xeito democrático. Os músicos, procedentes de Bélxica, Bulgaria, Alemaña, Grecia, India, Xapón, Suíza e os Estados Unidos, toman conxuntamente decisións sobre os proxectos artísticos, as colaboracións con outros creadores e todos os asuntos financeiros. O seu amplo espectro estético abrangue teatro musical, danza, proxectos multimedia, música de cámara e concertos para ensemble e orquestra. As súas xiras e actuacións como conxunto convidado lévano regularmente aos festivais máis prestixiosos do mundo e ás principais salas de concertos nacionais e internacionais. Cada ano, Ensemble Modern prepara unha media de 70 novas obras, das cales unhas 20 son estreas absolutas, varias delas encargadas polo propio conxunto. Na maioría dos casos, estas obras ensáianse en estreita colaboración cos seus compositores. A filosofía e o obxectivo do Ensemble consisten en acadar o máximo grao de precisión posible na materialización das ideas do creador. A súa traxectoria distínguese por colaboracións extraordinarias, a miúdo de longo percorrido, con compositores como John Adams, Mark Andre, George Benjamin, Unsuk Chin, Peter Eötvös, Brian Ferneyhough, Heiner Goebbels, Hans Werner Henze, Heinz Holliger, Mauricio Kagel, György Kurtág, Helmut Lachenmann, György Ligeti, Cathy Milliken, Brigitta Muntendorf, Olga Neuwirth, Enno Poppe, Steve Reich, Wolfgang Rihm, Rebecca Saunders, Iris ter Schiphorst, Simon Steen-Andersen, Karlheinz Stockhausen, Mark-Anthony Turnage, Frank Zappa, Hans Zender e Vito Žuraj, así como con destacadas personalidades

doutras disciplinas artísticas. Desde o ano 2000, contan co seu propio selo discográfico, Ensemble Modern Media. Ademais, outras discográficas de recoñecido prestixio publicaron preto de 150 gravacións do conxunto. En 2003 creouse a International Ensemble Modern Academy (IEMA) co propósito de reunir e desenvolver as actividades pedagóxicas da formación musical. A súa misión é transmitir a riqueza e diversidade das correntes artísticas contemporáneas, así como fomentar un xeito aberto e creativo de abordar os procesos de creación artística. En 2024, Ensemble Modern foi distinguido co León de Prata da Biennale Musica di Venezia.

Ensemble Modern está financiado pola Fundación Cultural Federal Alemá, a cidade de Frankfurt e, a través da Academia do Ensemble Alemán, polo Ministerio de Educación, Investigación, Ciencia e Artes de Hesse. hr2-kultur é o socio de asuntos culturais de Ensemble Modern.

© imaxe: Gemma Escribano

Isabel Rubio

Isabel Rubio é actualmente directora asociada da Orquestra Simfònica del Vallès e titular da Jove Orquestra de les Comarques Gironines. Gañadora de importantes concursos internacionais, quedou entre os tres finalistas para a dirección asistente de Kirill Petrenko e a Orquestra Filharmónica de Berlín en 2021. Nos últimos anos dirixiu prestixiosas formacións como a Orquesta Nacional de España, Orquesta Sinfónica de RTVE, Real Orquesta Sinfónica de Sevilla, Orquesta Sinfónica de Bilbao, Codarts Symphony Orchestra (Holanda), Orkiestra Symfoniczna Filharmonii Częstochowskiej (Polonia), Antalya Devlet Senfoni Orkestrası (Turquía), Orquesta Sinfónica de Castilla y León, Orquesta de Extremadura, Orquesta Ciudad de Granada ademais da Filarmónica de Gran Canaria, JONDE, Sinfónica del Vallés, Vigo 430, Orquesta de Córdoba, as sinfónicas da Región de Murcia, Tenerife, Principado de Asturias, Galicia, Oviedo Filarmonía, entre outras. Titulada superior en Dirección de Orquestra e Percusión con Matrícula de Honra, entre os conservatorios de Murcia e Bruxelas, conta cun mestrado en

Pedagoxía Musical. Continuou a súa formación na Academia Internacional de Dirección de Orquestra de Valencia. Realizou os seus estudos de dirección principalmente cos mestres José Miguel Rodilla, José Rafael Pascual-Vilaplana e Cristóbal Soler. Amplía a súa formación cos mestres Paavo Järvi, Kristjan Järvi, John Carewe, Dima Slobodeniouk, Leonid Grin, George Pehlivanian, Nicolás Pasquet, Sergio Alapont, Rubén Gimeno, Álvaro Albiach, Yi Chen Lin, Juan M. Romero, César Álvarez, Enrique G. Asensio, Jan Cober, Douglas Bostock, Ives Segers, Alex Schillings, Eugene Corporon e Philippe Gérard. Dirixe en festivais como o Pärnu Music Festival en Estonia, o Festival Internacional de la Semana de Música Religiosa de Cuenca, o Festival de Órgano de Lugo, os Encuentros de Composición de la Orquesta de Valencia, o Ourearte Music Fest en Portugal, o Concurso Internacional de Violín CullerArts e o Festival Internacional de Música de Cine de Málaga. Destaca o seu último traballo discográfico cos concertos núm. 3 de Rachmaninov e núm. 2 de Prokofiev, xunto á Orquesta Sinfónica de Castilla y León e o pianista Josu de Solaun baixo o selo IBS Classical.

© imaxe: Gemma Escribano

Júlia Cruz

Júlia Cruz consolidouse como unha das directoras españolas con maior proxección da súa xeración. A súa actividade abrangue o repertorio sinfónico, a ópera e a música contemporánea, ámbitos nos que desenvolve unha crecente traxectoria internacional. Foi Taki Alsop Conducting Fellow e obtivo o Segundo Premio no Blue Danube/Béla Bartók Opera Conducting Competition en 2021. En 2025 foi seleccionada como Conducting Fellow do Lucerne Festival e foi convidada de novo como Guest Conductor da Lucerne Festival Contemporary Orchestra ata 2027. Recentemente debutou coa National Youth Orchestra of Great Britain como directora asociada de Thomas Adès durante a xira que remata nos BBC Proms. Entre os seus compromisos da

tempada 2026/27 figuran primeiras invitacións coa Real Orquesta Sinfónica de Sevilla, a Real Filharmonía de Galicia e o Birmingham Contemporary Music Group, ademais do seu regreso á Orquesta Nacional de España e á Sinfónica de Tenerife. A súa crecente actividade no repertorio contemporáneo incluirá tamén un proxecto coa Joven Orquesta Nacional de España xunto a membros do Klangforum Wien. No ámbito escénico dirixirá unha nova produción de *El Cascanueces* coa Compañía Nacional de Danza de México e o *Proyecto Zarza* do Teatro de la Zarzuela. Cruz tamén dirixiu a Bilbao Orkestra Sinfonikoa, a Orquesta de Extremadura, a Oviedo Filarmonía, a Orquesta Sinfónica de Navarra, a Orquesta Sinfónica del Principado de Asturias, a Orquesta Filarmónica de la Ciudad de México e a Compañía Nacional de Ópera de México, onde dirixiu a estrea nacional de *Beatrix Cenci*. Así mesmo, volveu colaborar coa Orquesta Filarmónica de la UNAM e o Ballet Nacional de México, dirixindo a estrea mundial de *Ciudad Delirio*, de Marcela Rodríguez, e unha produción de *El Cascanueces* no Auditorio Nacional. Foi directora asistente no Teatro Real para a estrea mundial de *Tejas Verdes*, de Jesús Torres, e unha nova produción de *La Vida Breve*, de Manuel de Falla. Dirixiu *L'elisir d'amore* na Stara Zagora State Opera e unha nova produción da mesma obra na Ópera de Colombia, así como *La traviata* na Kolozsvári Magyar Opera.

JONDE E KLANGFORUM WIEN / JÚLIA CRUZ

Tania León (1943)
*Rítmicas** (2019)
Elena Mendoza (1973)
Zwei szenen, para viola e grupo instrumental* (2019)
Olga Neuwirth (1968)
...miramondo multiplo..., para trompeta e ensemble* (2006)

*Estrea en España

Este programa reúne tres compositoras fundamentais da creación contemporánea que, desde linguaxes moi persoais, comparten unha mesma vontade de expandir os límites da música e de entender a composición como un espazo de diálogo entre culturas, memoria, identidade e sociedade. Aínda que cada obra parte de intereses distintos —o ritmo e a identidade cultural en León, a teatralidade e a dimensión social en Mendoza, ou a memoria e a multiplicidade de referencias en Neuwirth—, todas coinciden na súa concepción da música como un proceso de encontro e transformación. O diálogo entre tradición e modernidade, entre individuo e colectivo, entre pasado e presente, convértese no fío condutor dun programa que pon en valor a heteroxeneidade de voces femininas da creación actual e a súa capacidade para renovar a linguaxe musical desde perspectivas profundamente persoais e innovadoras.

20 OUTUBRO

20.00 h
Sala Ángel Brage
Auditorio de Galicia
Duración aproximada: 55 min

JONDE E ENSEMBLE MODERN

Kaija Saariaho (1952–2023)
Cendres, para frauta alto, violonchelo e piano (1998)
Carme Rodríguez (1996)
Unha estrela danzante, para clarinete, trompa, viola, contrabalxo, percusión e piano* (2026)
Younghi Pagh-Paan (1945)
U-mul, para frauta, clarinete, violín, viola, violonchelo, contrabalxo e percusión** (1992)
Cathy Milliken (1956)
Three step, para trompa, violín e violonchelo (2010)
Hilda Paredes (1957)
Juegos prohibidos, para clarinete, violonchelo e piano (2019)
Hannah Kendall (1984)
Vera, para clarinete, violín, viola e violonchelo (2008)

*Estrea absoluta. Encargo da JONDE
**Estrea en España

Toda creación deixa unha pegada que pode permanecer como lembranza ou como unha vibración que continúa no silencio cando o son xa desapareceu.
As composicións deste concerto comparten unha concepción da música como materia viva, en constante transformación, na que o timbre, a textura e a resonancia teñen un papel fundamental e crean paisaxes sonoras cambiantes. As seis pezas abordan tamén cuestións como a memoria individual e colectiva, a identidade, a reinterpretación da tradición e a procura de novas formas de expresión para o presente. Desde a escritura espectral de Saariaho ata o diálogo intercultural de Pagh-Paan, pasando pola evocación simbólica de Milliken e a dimensión ética da música de Paredes; ata a intensidade narrativa de Kendall e a voz nova de Carme Rodríguez, o programa constrúe un mosaico de perspectivas e sensibilidades diversas, estéticas unidas por unha mesma idea: o son é unha materia viva, capaz de conservar, transformar e transmitir a memoria.

21 OUTUBRO

20.00 h
Casa das Máquinas

Duración aproximada: 60 min

JONDE E ENSEMBLE MODERN

Amy Williams (1969)
Bells and whistles para violín, violonchelo e piano (2022)
Jennifer Walshe (1974)
Unbreakable line. Hinged waist, para frauta, óboe, clarinete, violín, viola, violonchelo, percusión e piano (2002)
Seyko Itoh (1983)
My favorite things II, para frauta, clarinete, violín, viola, violonchelo e piano (2013)
Malika Kishino (1971)
Lamento II, para violín e viola (2013 / rev. 2014-21)
Ruth Crawford (1901-1953)
Diaphonic suite núm. 2, para fagot e violonchelo (1930)
String quartet 1931, para dous violíns, viola e violonchelo (1931)

A música contemporánea adoita avanzar cara a territorios nos que as fronteiras entre o son, a palabra, a imaxe e a materia deixan de ser evidentes, ampliando o xeito de comprender a música máis aló do estritamente audible. Cada obra propón unha forma particular de reinventar as posibilidades musicais, modificando os materiais sonoros, alterando a percepción do son, explorando novas relacións entre os instrumentos ou incorporando procedementos alleos á música como motores do proceso creativo. Así, *Bells and Whistles*, inicia o programa coa súa enerxía mecánica e cinética; Walshe transforma xestos e técnicas instrumentais, redefinindo o acto de interpretar; Seyko Itoh emprega xogos combinatorios inspirados nos anagramas como fonte de novas relacións musicais; Kishino crea organismos sonoros nos que natureza, memoria e espazo se mesturan; e Crawford Seeger desenvolve unha nova sintaxe baseada na autonomía das voces e no rigor estrutural. O programa pretende presentar universos sonoros nos que as técnicas estendidas, os procesos combinatorios, ou a incorporación de ruído e de movemento funcionan como ferramentas para innovar nas relacións entre son, espazo e tempo e na maneira de percibir a música.

22 OUTUBRO

20.00 h
Casa das Máquinas

Duración aproximada: 65 min

JONDE E ENSEMBLE MODERN

Rebecca Saunders (1967)
Stirrings still II, para frauta, óboe, clarinete, contrabaixo, percusión e piano (2008)
Sofia Gubaidulina (1931-2025)
Quasi hoquetus, para viola, fagot e piano (1985)
Nina Šenk (1982)
Movimiento fluido, para frauta alto, violonchelo e piano (2007)
Chaya Czernowin (1957)
Lovesong, para frauta, óboe, clarinete, violín, viola, violonchelo, percusión e piano (2010)
Ursula Mamlok (1923-2016)
Girasol, sexteto para frauta, clarinete, violín, viola, violonchelo e piano (1990)

Máis que desenvolver un discurso, as pezas deste programa invitan a habitar un espazo. O son deixa de entenderse como unha sucesión de acontecementos para adquirir corpo, textura, profundidade... transformándose diante do oínte. A escoita vólvese así unha experiencia, na que o espazo, o silencio e a resonancia participan da composición con tanta intensidade como o ritmo, a melodía ou a harmonía. Rebecca Saunders modela esculturas acústicas nas que os sons dialogan coa arquitectura e mentres Gubaidulina fai da interrupción, do contraste e da cor tímbrica un vehículo de intensa expresividade, Nina Šenk procura un movemento continuo no que a música flúe entre equilibrio e transformación. Czernowin concibe o son como unha experiencia sensorial que transcende o audible para incorporar dimensións físicas e emocionais e Ursula Mamlok alcanza unha extraordinaria densidade expresiva mediante a economía de medios e a metamorfose dun material reducido. A pesar da diversidade das súas linguaxes, estas creadoras comparten a construción dun espazo vivo no que cada xesto, cada silencio e cada resonancia modifican a percepción do tempo e transforman a experiencia do público.

23 OUTUBRO

20.00 h
Casa das Máquinas

Duración aprox: 65 min

JONDE E KLANGFORUM WIEN / ISABEL RUBIO

Helena Cánovas (1994)
*The crossing place of road and river** (2025 / rev. 2026)
Nuria Núñez Hierro (1890)
*Metazoa*** (2026)
Unsuk Chin (1961)
Graffiti (2012–2013)

*Estrea absoluta, nova versión realizada para a JONDE
**Estrea absoluta. Encargo da JONDE

The crossing place of road and river, a peza de Helena Cánovas transforma o encontro entre dous percorridos nun espazo acústico cambiante, onde os límites entre instrumento e electrónica se disolven continuamente. A estrea absoluta de *Metazoa*, de Nuria Núñez Hierro, incorpora unha nova mirada a esta idea da transformación. Pola súa banda, Unsuk Chin concibe *Graffiti* como un auténtico palimpsesto sonoro, no que referencias estilísticas, texturas e perspectivas se suceden cunha vitalidade cambiante e calidoscópica. Diferenzas estéticas mediante, as obras deste programa comparten unha concepción da creación como proceso e unha forma de escoita baseada na superposición, a contaminación e a transformación continua dos materiais sonoros, que acaban configurando paisaxes acústicas en permanente mutación. Esta viaxe sonora convértese así nun exercicio de descubrimento constante, no que cada detalle revela unha nova dimensión do discurso musical.

24 OUTUBRO

20.00 h
Teatro Principal
Duración aproximada: 60 min

LA GEOMETRÍA IMPERFECTA DEL OLVIDO

Esperanza Mara, soprano (a nai); Jacobo Rubianes, barítono (o pai); Pablo Martínez, tenor (o fillo); Christian Borrelli, contratenor (a Lúa)

Sergio Camacho, dirección musical e escénica
Montserrat Capelán, produción executiva
Violeta Martínez, deseño de luces
Luís Ortega, deseño de produción
Elynn Tan, asistente de produción

*La geometría imperfecta del olvido** (2026)
Sergio Camacho (1976)
Zarzuela nova, en tres cadros

*Estrea absoluta

Concibida como unha continuación das tradicións do teatro lírico paneuropeo, a peza divídese en tres cadros, combinando voz, palabra, música e movemento para establecer un espazo narrativo de encontro creativo intercultural. Debulla a historia dunha familia fracturada pola migración e a ausencia. Unha nai que debe atopar a súa forza no abandono. Un pai que se enfronta ao desengano da ambición cando se sacia. Un fillo que recibe as feridas de quen o precedeu. A mesma historia narrada tres veces, desde as súas propias perspectivas.

25 NOVEMBRO

20.00 h
Sala Ángel Brage
Auditorio de Galicia
Duración aproximada: 90 min

Co-funded by the Erasmus+ Programme of the European Union
XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
orta Christum grupo de investigación
iHUs

Sergio Camacho

Compositor, autor, director e investigador, é doutor en Composición Musical pola Universidade de Newcastle, no Reino Unido, cunha tese sobre a vixencia da zarzuela como xénero contemporáneo. Forma parte da Academia de Artes Escénicas de España e a súa carreira académica e artística repártese entre España, Reino Unido, Suecia e Malaisia. Como director de Artes Escénicas da Universidade de Nottingham Malaisia, dedicouse á creación, produción e estudos das artes escénicas como punto de encontro intercultural. Tras ocupar un posto como Investigador Distinguido na USC, na actualidade exerce como profesor na Universidad de Granada. O seu interese creativo céntrase na música escénica, as novas linguaxes escénicas para contornas virtuais, as músicas do mundo e a interacción cos discursos compositivos contemporáneos, cun repertorio que abarca o teatro musical, a ópera e zarzuela contemporánea, a música de cine e a orquestral. *La geometría perfecta del olvido* forma parte do universo narrativo e estético que perfilan as súas óperas *Three-word Poeam about Loss* e *Beyond the Milestone*, o poema visual *The Equivocal Mirror* e a zarzuela *El mar visto desde las montañas*. Un universo poético e musical onde, a través do realismo máxico, aspira a revalorizar a zarzuela establecendo un diálogo entre as tradicións líricas paneuropeas e a narrativa contemporánea.

A Semente Lírica, poñendo en valor o teatro lírico paneuropeo
Esta produción forma parte dos resultados de The Lyrical Seed, proxecto europeo para a posta en valor e promoción do teatro lírico paneuropeo. Liderado polo Instituto de Investigación en Humanidades (iHUS), a través do grupo Organistrum da USC, articúlase nun consorcio hispano-lituano no marco do programa Erasmus+ e está cofinanciado pola Unión Europea. O proxecto busca fortalecer a produción e circulación transnacional de obras e artistas, promover o talento e a innovación e ampliar as audiencias, favorecendo a colaboración, a interculturalidade, o desenvolvemento profesional, a inclusión e a igualdade de oportunidades. *La geometría imperfecta del olvido* é o principal resultado da incubadora para a aprendizaxe colaborativa na que participaron membros do consorcio e entidades colaboradoras, tanto en Galicia (EASD Mestre Mateo, EASD Pablo Picasso, Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, Conservatorio Superior de Música de Vigo e OSG) como en Lituania (Pažaislis International Music Festival, Karaliaus Mindaugo e Kauno Juozo Naujalii).

ELISA VÁZQUEZ DOVAL

MORTON FELDMAN AT 100

Morton Feldman (1926-1987)
- *Two Intermissions* (1950)
- *Intermission 5* (1952)
- *Piano Piece 1955* (1955)
- *Last Pieces* (1959)
- *Piano Piece (to Philip Guston)* (1963)
- *Palais de Mari* (1986)

Co gallo do centenario do nacemento de Morton Feldman, Elisa Vázquez Doval propón unha escoita alternativa a través da súa obra afastada dos modelos estruturais da vangarda europea e dos xestos expresivos tradicionais. Esta charla-concerto procura achegar ao público o universo sonoro do compositor, explorando o seu pensamento musical, os desafíos e as implicacións interpretativas da súa escrita pianística percorrendo as súas etapas compositivas. A influencia das artes visuais, especialmente do expresionismo abstracto e de figuras como Rothko, Guston ou de Kooning, permite entender a obra para piano de Feldman como unha pintura en movemento, onde cada son se sitúa no espazo e o silencio cobra unha dimensión estrutural. Xunto aos pintores da Escola de Nova York, as alfombras persas artesanais foron outra gran fonte de inspiración. Fascinábao a súa «simetría desproporcionada» e as pequenas variacións de ton na la tinguida a man, ideas que aplicou á súa música minimalista de longa duración mediante repeticións con lixeiras imperfeccións e asimetrías.

15 DECEMBRO

20.00 h
Charla-concerto
Sala Mozart
Auditorio de Galicia
Duración aproximada: 60 min

Elisa Vázquez Doval

Pianista galega cunha destacada traxectoria como solista e música de cámara, Elisa Vázquez Doval actuou en prestixiosos auditorios internacionais como o Concertgebouw de Ámsterdam e o Muziekcentrum Vredenburg de Utrecht, así como en numerosos escenarios de España e Europa. O seu compromiso coa música contemporánea levouna a estrear en España obras de compositores e compositoras de sona como Elliott Carter, John Cage, Rebecca Saunders, Younghi Pagh-Paan, Joji Yuasa e Linda Catlin Smith. Participou en importantes festivais e ciclos nacionais, entre eles o Festival RESIS, as Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela, o Teatro da Zarzuela, o Festival Internacional de Primavera da Universidade de Salamanca, a Fundación Juan March, a Fundación Caixa Galicia, o Ciclo de Outono do Museo de Belas Artes da Coruña, e o Festival Espazos Sonoros. Formouse no Conservatorio Superior de Santiago de Compostela e no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, e ampliou os seus estudos na Escola de Música de Barcelona e nos Conservatorios de Rotterdam e de Utrecht, onde obtivo en 2006 un mestrado en Piano. Os seus principais mestres foron Klára Würtz, Michael Davidson, Manuel Carra e Julián López-Gimeno, entre outros. Elisa recibiu bolsas e apoios de entidades nacionais e internacionais, entre elas o Ministerio de Asuntos Exteriores, a Fundación Caixa Galicia, a Deputación da Coruña, a Comunidad de Madrid e a fundación neerlandesa Hein Fonds.

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Magdalena Argibay (1991)
*Tomeza** (2026)
Luis Serrapio (1992)
Choiva das Cíes (2025)
León Durán (2002)
*Un rapaz da aldea** (2026)

*Estrea absoluta

A terra habitada, a luz, a choiva, as historias ou os nomes dos lugares permanecen na creación artística como unha resonancia que nunca deixa de estar presente. Esta proposta nace dese vínculo profundo con Galicia, non como evocación nostálxica, senón como territorio vivo desde o que pensar e crear no presente ofrecendo unha mostra da vitalidade e diversidade da nova música galega. Abre o programa *Tomeza*, de Magdalena Argibay, unha das voces femininas da creación musical galega actual. *Choiva das Cíes* de Luis Serrapio evoca unha paisaxe fondamente ligada a Galicia: o Atlántico, as illas, a choiva e esa natureza cambiante que tantas veces é fonte de inspiración. Pecha o programa *Un rapaz da aldea*, de León Durán, unha obra que dialoga coa memoria e coa literatura de Xosé Neira Vilas, a quen se dedica o Día das Letras Galegas de 2027, e en particular con *Memorias dun neno labrego*. Tres obras e visións actuais que invitan a reflexionar sobre a nosa identidade, a paisaxe e o feito de vivir e compoñer desde Galicia.

2 FEBREIRO

20.00 h
Sala Mozart
Auditorio de Galicia
Duración aproximada: 50 min

Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela

A Banda Municipal de Música é unha das formacións da súa categoría máis antigas de Galicia. Nace en 1848 como agrupación de afeccionados e, durante anos, estivo vinculada á formación musical de nenos acollidos na Casa Hospicio, desenvolvendo unha importante función social e educativa. En 1876, o Concello de Santiago de Compostela asume a súa xestión e inicia un proceso de profesionalización, regulando o seu funcionamento cara á súa integración na vida cultural da cidade, unha vocación que continúa hoxe. Actualmente, a súa programación inclúe concertos no Teatro Principal, no Auditorio de Galicia e noutros espazos ao aire libre da cidade, especialmente durante a tempada de verán. A esta actividade súmase a súa participación nas festas do Apóstolo, da Ascensión, dos diferentes barrios e nos actos protocolarios do Concello. O seu repertorio reflicte a amplitude e variedade da música para banda, abranguendo desde o pasodobre e a música tradicional ata o repertorio sinfónico, as transcricións de obras clásicas e a creación actual. A formación presta especial atención á música galega, tanto mediante a interpretación de obras de compositores galegos como a través de proxectos orientados a pór en valor o patrimonio musical de Galicia e achegar a música contemporánea ao público. A dimensión educativa constitúe unha parte relevante da actividade. A Banda utiliza a música como ferramenta de divulgación, participación e formación de novas audiencias. Cunha traxectoria de máis de 175 anos, a Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela é una institución que mantén vixente a súa vocación de servizo público, difusión musical e participación activa na escena cultural compostelá.

David Fiuza

David Fiuza iniciou a súa formación musical na escola da Banda Artística de Merza e, posteriormente, ampliou os seus estudos no ámbito da interpretación, a dirección e a composición. É titulado superior en Clarinete polo Conservatorio Superior de Música de Vigo, posúe o Grao Superior en Dirección de Banda polo Conservatorium Zuyd Muzik de Maastricht e o título superior en Dirección de Orquestra e Coro polo Conservatorio Superior de Música Joaquín Rodrigo de Valencia. Foi director titular de bandas e

formacións sinfónicas de Galicia e Valencia, entre elas as de Meaño, La Armónica de Buñol, Merza, Lalín e Lugo, así como da Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas. Tamén ten desenvolvido unha importante actividade á fronte de formacións especializadas e agrupacións instrumentais como o Mallorca Saxophone Ensemble ou a Gran Canaria Wind Orchestra. Desde decembro de 2025 é director titular da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela —cargo que xa ocupara entre 2021 e 2024—, tras un proceso público de selección no que se valorou especialmente a súa formación especializada, a súa experiencia profesional e súa traxectoria na dirección, ámbito no que ten traballado con destacadas formacións sinfónicas e bandísticas de España e Portugal, entre elas, a Real Filharmonía de Galicia, as Bandas Municipais da Coruña, Madrid, Palma de Mallorca, Pontevedra, Ourense e a Banda Sinfónica Portuguesa, entre outras. A súa actividade complétase cunha destacada vertente pedagóxica e de formación especializada en dirección, así como coa súa vinculación a diferentes proxectos e formacións musicais como a Banda Sinfónica Galega.

ADHARA DÚO

FÍOS SONOROS

Grazyna Bacewicz (1909-1969)
Sonata núm. 4 (1949)
Lera Auerbach (1973)
24 Preludes para violín e piano op. 46. Selección (1999)
Reena Esmail (1983)
*Jhula Jhule** (2013)
Kelly-Marie Murphy (1964)
*Fire-and-Ice-Bodied-Doubled-Up-Withdrawal-Anxiety** (2023)

*Estrea en España

O Dúo Adhara propón un percorrido por setenta e cinco anos de creación para violín e piano a través das obras de catro compositoras que, desde perspectivas diversas, contribuíron á evolución da música contemporánea. As súas obras afastan o dúo dos modelos tradicionais para explorar novas formas de diálogo, tensión e complicidade entre ambos instrumentos. O programa presenta unha constelación de linguaxes e miradas arredor dun formato que se reinventa continuamente. A precisión estrutural, a miniatura, a hibridación, a exploración tímbrica e a intensidade do xesto son algunhas das vías polas que estas compositoras transforman o espazo compartido entre violín e piano. Como no mito de Ariadna, o violín convértese no fío que guía a escoita por un labirinto de linguaxes, estéticas e formas de entender a modernidade.

16 FEBREIRO

20.00 h
Sala Mozart
Auditorio de Galicia
Duración aproximada: 60 min

Adhara Dúo

Adhara Duo é unha formación con raíces galego-portuguesas integrada pola violinista Mariana Moita e a pianista Lara Martínez. Fundado en 2021 no Conservatorio de Utrecht (Países Baixos), o dúo xorde dunha paixón compartida pola música de cámara e do interese por descubrir e difundir repertorios pouco frecuentes, con especial atención á obra de compositoras históricas e contemporáneas. Desde a súa creación, actuou en festivais como Festival Terras de Barrium, Círculo de Cultura Musical da Bairrada (Aveiro) e Madrid a Tempo, ademais de ofrecer concertos en espazos como o Museo Nogueira da Silva (Braga) e Madrid Music Hall.

Mariana Moita iniciou os seus estudos de violín no Conservatorio de Aveiro con Ana Sofia Mota. Graduouse no Conservatorio de Utrecht en 2020 baixo a dirección de Elisabeth Perry e realizou unha estadía Erasmus no Real Conservatorio de Gante con Wibert Aerts. Posteriormente obtivo o mestrado en Ensinanza da Música pola Universidade de Aveiro, onde estudou con Roberto Valdés. Na tempada 2023-2024 foi academista da Orquestra Metropolitana de Lisboa, onde completou o posgrao en Interpretación Orquestral Avanzada. Durante a tempada seguinte formou parte da sección de primeiros violíns da mesma orquestra. Ampliou a súa formación en clases maxistrais con Hagai Shaham, Erik Sluys, Alissa Margulis, Eszter Haffner, Sebastian Mueller, Eliot Lawson e Ilya Grubert. Actualmente compaxina a docencia como profesora de violín no Conservatorio Nacional de Lisboa cunha intensa actividade como intérprete, colaborando regularmente coa Orquestra Gulbenkian, a Orquestra Metropolitana de Lisboa e a Orquestra de Câmara Portuguesa.

Lara Martínez Taboada, especializada en música de cámara e repertorio vocal, iniciou os seus estudos no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela con Miguel Vizoso Pérez. Posteriormente estudou a carreira na Universidade Alfonso X El Sabio con Iván Cítera e cursou o mestrado en Interpretación Solista no Conservatorio de Utrecht, así como o posgrao de Especialización en Piano en Musikene con Marta Zabaleta. A súa formación en repertorio vocal complétase co mestrado en Interpretación e Investigación de Teatro Lírico e Canción de Concerto na Escola Superior de Canto de Madrid, baixo a tutela de Irene Alfageme. Recibiu o asesoramento

artístico de pianistas como R. Wagner, Martínez-Mehner, K. Würtz, A. Kemenes, V. Samoshko, K. Moretti, A. Guijarro e Juan Pérez Floristán. Como intérprete presentouse no Teatr Królewski de Varsovia, TivoliVredenburg de Utrecht, Teatro Real e Auditorio Nacional de Música de Madrid. Como solista, foi convidada a festivais como a Quincena Clásica de Carboneras, o Ciclo de Cámara Salinas de La Palma e o KlaraBox Festival de Bruxelas e participou no GalaFest (Córdoba), no Ciclo Primavera de l'Aula de Música de Valencia e no Festival Internacional de Música de Cámara de Godella, onde obtivo o Segundo Premio do Concurso Internacional de Talentos Mozos de Cámara xunto a Climacus Trio en 2019. En 2025 foi seleccionada para a V edición do Programa Crescendo do Teatro Real, onde se especializou en correpetición baixo a dirección de Patricia Barton e foi pianista acompañante en clases maxistrais de Sabina Puértolas, Saioa Hernández, Francesco Pio Galasso e Michael Fabiano. En 2026 obtivo o Segundo Premio no XI Certame Internacional de Lied e Canción de Concerto de Albox e resultou seleccionada para participar na V edición do Festival de Lied e Canção de Câmara Projecto: Canção (Porto). Ese mesmo ano formou parte do equipo musical da produción *Ariadna e Barbazul* no Real Teatro del Retiro como pianista da produción.

FRAMES PERCUSSION

Sarah Hennies (1979)
Lives (2) para ensemble de percusión* (2001)
Raquel García-Tomás (1984)
Pictures of the floating world para dous percusionistas, saxofón, vídeo e electrónica (2017)
Itziar Viloria (1997)
*Inventario de gustos, memorias y nostalgias*** (2026)

*Estrea en España
**Estrea absoluta. Encargo de Frames Percussion

Hai composicións que esixen presenza corporal, conciencia do espazo e atención ao detalle máis fugaz. Así, a música deixa de ser só algo que acontece no tempo e convértese nun espazo habitable. As pezas deste concerto comparten esa vontade de ampliar esa experiencia: coa estadounidense Sarah Hennies, un referente da percusión experimental e do post-minimalismo, viaxamos cara ao interior do son en *Lives (2)*. Lonxe da frialdade xeométrica tradicional, esta obra pon o foco na resistencia do corpo e na acústica da sala. Do eco suspendido pasamos á sinestesia desbordante de García-Tomás, quen fusiona percusión, saxofón, electrónica e vídeo. Inspirada nos gravados eróticos (*shunga*) do *ukiyo-e* xaponés, os seus sete movementos entrelazados traducen timbres en cores e formas.
A peza de estrea de Itziar Viloria inscríbese nesa mesma procura, incorporando unha voz que amplía a invitación a experimentar a música desde dentro.

9 MARZO

20.00 h
Sala Mozart
Auditorio de Galicia
Duración aproximada: 60 min

Frames Percussion

Un ensemble dedicado ao repertorio de nova creación que representa a aposta e o compromiso coa música do seu tempo. Cunha traxectoria de máis de dez anos e integrado por varias xeracións de percusionistas formados en Barcelona, o grupo nace coa intención de presentar propostas singulares e innovadoras e, á vez, dar voz ao repertorio de percusión co que creceu. Vinculado nos seus inicios á ESMUC e a Juventuts Musicals de Catalunya, o grupo mantén unha estreita relación con L'Auditori de Barcelona e foi ensemble residente no Palau de la Música Catalana durante as tempadas 2024-25 e 2025-26. Ademais, ten impulsado a creación do Ciclo Difracciones, colabora regularmente co Festival Mixtur de Barcelona e participou en programacións e ciclos como FiraTàrrega, Fundación Juan March, Sismògraf Olot, MUTEK Barcelona, VANG de Madrid, Festival Riverrun d'Albi, Festival GREC, BeethovenFest de Bonn, Festival ULTIMA de Oslo, ENSEMS de Valencia e CNDM, entre outros. Desde 2020, Frames Percussion recibe o apoio de institucións como o ICEC, ICUB, IRLL, INAEM e da Fundación Ernst von Siemens. En 2022 publica o seu primeiro disco, a gravación de *The so-called laws of nature* de David Lang co selo Neu Records, e *Silenced* de Elena Rykova co selo Phonos Netlabel. Frames Percussion foi galardoado co Ernst von Siemens Ensemble Prize '24, ademais de ser finalista dos Premios Alicia da Acadèmia Musical Catalana.

O concerto contará coas interpretacións de Sabela Castro, Javier Delgado, Daniel Munarriz e Miquel Vich (percusión), Helena Otero Correa (saxofóns) e Itziar Viloria (electrónica en vivo e composición).

MELOS NEW VOCAL MUSIC COLLECTIVE / ENSEMBLE NEW BABYLON / VERTIXE SONORA

ECHO

Alexander F. Hooper (1987)
*Erasure of the common grounds** (2025)
Ramón Souto (1984)
*Cámara de eco** (2025)
Rūta Vitkauskaitė (1984)
*Music of the Spheres** (2025)

*Estrea en España

Actualmente, o uso de internet e das redes sociais fai que o fenómeno do eco e a resonancia, aos que debemos grandes exemplos musicais ao longo da historia, adquiran un ton singular e unha relevancia inesperada. Nas redes sociais, a cámara de eco ou resonancia mediática refírese á tendencia a atopar ideas que amplifican e reforzan as propias crenzas. Na burbulla epistémica, outras voces relevantes quedaron de lado, quizais accidentalmente; na cámara de eco, foron activamente excluídas e desacreditadas. Noticias falsas e desinformación representan desde hai tempo unha ameaza global para a liberdade e a democracia. A comprensión axeitada dos asuntos públicos, a información tóxica e o potencial de difusión das novas tecnoloxías arriscan a supervivencia dun sistema fráxil, pois a viralización dos contidos fai imposible verificar a veracidade da información e a leva ao colapso. Unha reflexión arredor da materia, os mundos virtuais e físicos, o eco, a resonancia e a espacialidade.

31 MARZO

20.00 h
Casa das Máquinas
Duración aproximada: 55 min

Melos New Vocal Music Collective

É un colectivo de mulleres que traballa no eido da nova música vocal. A través da interpretación de obras de compositores e artistas sonoros vivos, o colectivo busca crear un espazo para prácticas de música reducida e experimental. Actuando en grupos de diversos tamaños, desde solistas ata coros, o colectivo ten presentado programas xunto a creadores como Jacob Kirkegaard, Klaus Lang, Anton Lukoszevieze e Arturas Bumšteinas, entre outros.

O concerto contará coas voces de Viktorija Šedbaraitė (soprano), Ona Aleksiūnaitė (soprano), Ūla Zemeckytė (mezzosoprano), Karolina Macytė (contralto) e Beata Rapalavičiūtė (contralto).

Ensemble New Babylon

Toma o seu nome da idea de utilizar a música para unir persoas de diferentes orixes e descubrir xuntas a beleza no descoñecido e no novo. O grupo está comprometido co uso do poder emocional da música para promover unha maior tolerancia e comprensión do «outro». Desde a súa fundación en Bremen en 2012, aborda cuestións como a igualdade de xénero, pero tamén preguntas sobre a identidade nacional, a influencia das redes sociais e temas como a destrución ambiental, a guerra, o amor e a morte. Á hora de crear os seus programas, cóidase que conten con presenza feminina. A igualdade de xénero, a inclusión de compositores de cor e a visibilidade das minorías son preocupacións importantes para o grupo. Ao conxunto tamén lle gusta moverse «no límite» da música contemporánea con proxectos de improvisación e fusións (*crossovers* de techno, rock, jazz...), destacando pola estrea de máis de cen obras e un enfoque de creación colectiva sen estilo fixo. Recoñecida polo Consello Alemán da Música, a agrupación especialízase no intercambio cultural internacional con xiras por Europa, Asia e América do Sur.

O ensemble está conformado por Isabelle Raphaelis (frauta), Benjamin Fischer (óboe), Beltane Ruiz Molina (contrabaixo), Daria-Karmina Issifova (piano e sintetizador) e Hsin Lee (percusión).

Vertixe Sonora

É un colectivo flexible que integra destacados solistas de música contemporánea de Galicia e Portugal e que promove un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no ámbito de creación sonora actual. Está formado por artistas sonoros e plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e profesionais do teatro e a danza, unidos pola vontade común de desenvolver propostas cunha perspectiva artística global, baseadas na procura da excelencia en un forte compromiso coa música e cos creadores do noso tempo. Xorde co obxectivo de impulsar novas producións musicais, manter unha estrutura estable de encargos e dinamizar o panorama sonoro contemporáneo desde o vértice peninsular cunha proxección significativa a nivel internacional. Desde unha conciencia da multiplicidade de enfoques cara ao sonoro, Vertixe Sonora establece un diálogo constante co pensamento, a ciencia, a tecnoloxía e outras prácticas artísticas, desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural que non renuncia nin ao rigor nin á transgresión nin ao espírito de vangarda.

Nesta ocasión, o cadro de intérpretes de Vertixe Sonora está integrado por Pablo Coello (saxofón), Carlos Cortés (trompeta), Iago Ríos (trombón), Helena Sousa (acordeón), Pedro Vaz (violonchelo) e Haruna Takebe (piano e sintetizador).

Lautaro Mura Fuentealba

Lautaro Mura Fuentealba é un versátil e destacado representante da nova xeración de directores orquestrais chilenos. Traballou con orquestras e conxuntos como Theater Bonn, Ensemble Modern, Württembergische Philharmonie Reutlingen, Bergische Symphoniker, a International Ensemble Modern Academy, Ensemble Ascolta, Ensemble New Babylon, Kollektiv 3:6 Köln e Ensemble Consord, Vertixe Sonora, Ensemble Vortex (Suíza), United Instruments of Lucilin, entre outros. Dirixiu en festivais como Beethovenfest, Acht Brücken, Wittener Tage für Neue Musik, NOW! Festival e o Bielefeld Festival (Alemaña), Klangspuren Schwaz (Austria) e Gaudeamus Muziekweek (Países Baixos), e actuou en salas como a Philharmonie Köln, Tonhalle Düsseldorf, Alte Oper Frankfurt, Philharmonie Essen e Philharmonie Luxembourg. En Chile, Lautaro dirixiu a Orquesta Sinfónica do país e as das

Universidades de La Serena, de Cuyo e de Santiago e a Orquesta de Cámara de Chile; en Arxentina, a Filarmónica de Mendoza, a Sinfónica Provincial de Rosario e a Orquesta de Cámara de Rosario; a Sinfónica del Cusco en Perú e a Sinfónica Municipal de Caracas. Defensor da música contemporánea, contribúe firmemente á difusión do repertorio latinoamericano en Europa como fundador e director musical de Kommas Ensemble (Colonia). Tamén é director artístico de Broken Frames Syndicate (Frankfurt), galardoado co Ernst von Siemens Ensemble Prize 2024, un conxunto dedicado á innovación e á revitalización da escena musical actual. Lautaro estudou composición e dirección orquestral na Universidade de Chile con Cirilo Vila e David del Pino Klinge. En 2014, continuou os seus estudos de dirección na Robert Schumann Hochschule Düsseldorf con Rüdiger Bohn e, posteriormente, foi bolseiro da International Ensemble Modern Academy en Frankfurt. Recibiu o primeiro premio do Graz International Conducting Competition & Masterclass 2014, foi finalista no Atlantic Coast Orchestral Conducting Competition (Portugal) e semifinalista no Città di Brescia Giancarlo Facchinetti Conducting Competition. Participa en clases maxistrais e academias como o Bartók Seminar & Festival (Hungría), a Järvi Academy (Estonia) e o Kritisches Orchester, traballando con destacados mestres como P. Eötvös, H. Holliger, L. Zagrosek, L. Vis, H. Rilling e C. Metters.

DÚO SEIVA

HIDRÁNXEA

Carme Rodríguez (1996)
*Hidránxea** (2026)
Gloria Rodríguez Gil (1972)
*Alma de Greta** (2026)
Katrina Penman (1982)
*Suite for Adi** (2026)
María Mendoza Fernández (1975)
*Coquelicot** (2026)

*Estrea absoluta

O proxecto «Hidránxea» eríxese como unha plataforma artística integral que fusiona excelencia interpretativa cun firme compromiso ético cara á igualdade de xénero e a democratización cultural. A través da creación contemporánea, o proxecto non só busca a innovación sonora, senón tamén a construción de referentes femininos sólidos que inspiren ás novas xeracións, desafiando as narrativas tradicionais do sector. A proposta integrará proxeccións dixitais e edición de partituras, asegurando así unha circulación aberta e transversal das obras; de tal forma, maximizarase o seu alcance, fortalecendo o seu impacto social e territorial coma un axente de transformación cultural accesible.

20 ABRIL

20.00 h
Sala Mozart
Auditorio de Galicia
Duración aproximada: 50 min

Dúo Seiva

O dúo integrado por Fernando Raña (frauta) e Alba Barreiro (arpa) vén desenvolvendo nos últimos anos un intenso labor a prol da música galega, con estreas de pezas dalgún dos compositores galegos máis representativos da nosa cultura, como é o caso de Joám Trillo, Eligio Vila, Gabriel Bussi ou Juan Durán, que foron os seus dedicatarios. Tamén atenden á composición feminina con encargos pendentes de estrea de compositoras de prestixio internacional como Carme Rodríguez, María Mendoza, Gloria Rodríguez ou Katrina Penman. Esta divulgación materializouse no CD *De través* editado en decembro de 2024 por Dos Acordes, cunha moi positiva acollida de crítica e público, e ten prevista unha nova gravación discográfica en 2026. Ademais, cómpre destacar na súa actividade recente a participación en festivais de recoñecido prestixio internacional como Clasclâs (Vilagarcía de Arousa), Noia Harp Fest, Os martes das artes da Real Academia Galega de Belas Artes (A Coruña) ou Nas Ondas do Conservatorio Superior de Vigo, así como en varios actos conmemorativos entre os que destacan a apertura do 75º cabodano de Castelao en San Domingos de Bonaval, a celebración do centenario da entrega do Pazo Museo Quiñones de León á cidade de Vigo ou no 75º aniversario da Sociedade Filharmónica de Monforte de Lemos.

TRÍO PRESELI

ESPELLOS ATLÁNTICOS

Anthony Randall (1937-2003)
*Autumn, Requiem, Lullaby**
Montserrat Lladó (1987)
Obra de encargo de Trío Preseli** (2026)
Josep Guix (1967)
Complany
Gina Gillie (1981)
To Summer (2009)
Gabriel Ordás (1999)
El Bosque (2005)
Claire Victoria Roberts (1992)
Obra de encargo de Trío Preseli

*Estrea en España
**Estrea absoluta

A trompa e o piano xunto á voz da soprano constrúen unha viaxe entre o íntimo e o paisaxístico, entre a palabra e o silencio, entre o que permanece e o que desaparece. Desde a peza de Anthony Randall, compositor e trompista galés, ata a nova creación de Montserrat Lladó, o programa debuxa pontes entre tempos, lugares e sensibilidades. *Complany*, de Josep Guix, nace tamén da poesía e da memoria, mentres *To Summer*, de Gina Gillie, achega unha nova luz ao percorrido. Para rematar, Gabriel Ordás lévanos a un bosque onde os pasos non deixan pegada, os sons se converten en ecos e aquilo que parece eterno revela a súa condición efémera.

11 MAIO

20.00 h
Sala Mozart
Auditorio de Galicia
Duración aproximada: 75 min

Trío Preseli

Creado en 2021 co obxectivo de fomentar a música para unha formación de cámara tan pouco común como a de soprano, trompa e piano, e tender pontes entre as culturas galega e galesa, o Trío Preseli ten actuado no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela, Círculo das Artes de Lugo, IKFEM Festival, Teatro Jovellanos de Xixón e o Saint David's Music Festival de Gales. O Trío estreou *Nao de Sangue* de Fernando Buide, *Bosque* de Gabriel Ordás, *La Lluna Cantava* de Jordi Domènech e obras inéditas do galés Anthony Randall. En agosto de 2026 o Trío debutou nos Marcos Históricos do Festival Internacional de Santander.

O Trío Preseli reúne no escenario a voz da soprano María Hinojosa, a trompa de Simon Lewis e o piano de Daniel Pereira.

María Hinojosa Montenegro licenciouse en canto e lied na ESMUC con premio fin de carreira. Cantou en moitos dos máis prestixiosos teatros e salas do mundo como Arena de Verona, Theater an der Wien, Teatro Colón de Bos Aires, Teatre del Liceu, L'Auditori e Palau de la Música de Barcelona; Palau de la Música e Palau de les Arts de Valencia; Teatro Real, Teatro de la Zarzuela e Auditorio Nacional de Madrid, Festival de Granada, Salle Gaveau de París e nas Óperas de Filadelfia, Lausanne, Montpellier, Vichy e Frankfurt. Colabora con importantes grupos de música antigu e orquestras dirixidos, entre outros, por Heras Casado, G. Antonini, E. Onofri, O. Dantone, R. Alessandrini, F. Biondi, E. Höbarth, N. Marriner, I. Bolton, J. Pons, F. Prat, López Banzo, K. Weiss e M. Gester. Na súa actividade discográfica sobresaen *Gli amori d'Apollo e di Dafne* (Cavalli) dirixida por Gabriel Garrido; *Peter Phillips, un inglés en la Flandes española* con Cappella Mediterranea; *Juditha Triumphans* con Ottavio Dantone e as zarzuelas barrocas *La fontana del placer* (Castel), *Clementina* (Boccherini) e *L'isola disabitata* coa dirección de Heras Casado; o DVD de *La Salustia* (Pergolesi) e tres CD coa Orquesta Barroca de Sevilla, Enrico Onofri e Vanni Moretto. Rexistrou obras de compositores contemporáneos como *Primary Colours* de Agustí Charles, *Anna Crusa* de Eduard Resina e *RMSonce* e *The Game of Life* de Francesc Martí.

Simon Lewis estuda no Royal Welsh College of Music en Cardiff para despois trasladarse a Zürich School of Arts onde completa o seu mestrado. Foi trompa principal da Bilbao Orkestra Sinfonikoa e a Oviedo Filarmonía, ademais de colaborar coa Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Galicia, Filarmónica de Malasia ou Gürzenich Orchester de Colonia. Desde agosto de 2026 é trompa coprincipal da Orquesta Sinfónica del Principado de Asturias. No eido da música de cámara adquire experiencia participando en festivais como Return Festival en Yerevan (Armenia); Jyväskylä Chamber Music Festival (Finlandia) ou European Music Festival en Neerpelt (Bélxica). Ten colaborado con grupos como Folkwang Kammerorchester, Basel Chamber Orchestra e Vertixe Sonora, entre outros.

Daniel Pereira, cualificado pola crítica polo seu «pianismo realmente delicioso» no seu dobre disco —froito da súa tese de doutoramento— dos preludios completos de Scriabin, estudou no Conservatorio Superior de Vigo e é doutor en Artes Musicais pola Universidade de Maryland. Foi seleccionado para participar nas clases maxistrais de pianistas como Garrick Ohlsson e Seymour Lipkin ademais de traballar con Luiz de Moura, Paul Ostrovsky, Mikhail Volchok, Boris Berman, Helena Costa, Steve Lubin, Eugene Pridonof e Carlos César Rodríguez. Pereira participa en festivais e concertos en Estados Unidos, Brasil, Luxemburgo, Portugal, Gales ou Italia. Foi pianista acompañante na Escuela Superior de Arte Dramático de Málaga e no Real Conservatorio de Danza Mariemma de Madrid. É profesor no Conservatorio Profesional de Vigo.

ENSEMBLE MÚSICA PRÁCTICA / ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

IN C

Terry Riley (1935)
In C (1964)

Composta en 1964, *In C* (En Do) é unha das obras fundamentais da música minimalista e unha das partituras máis influentes da segunda metade do século XX. Terry Riley concibiuna como unha obra aberta: 53 breves células musicais que cada intérprete repite libremente, avanzando ao seu propio ritmo sempre en diálogo co resto do grupo. O resultado é unha música en constante transformación, na que cada interpretación é única e irrepetible. A participación do estudantado neste concerto conecta coa propia esencia da obra. *In C* non entende a música como a suma de individualidades, senón como unha experiencia colectiva baseada na percepción, na cooperación e na creación compartida. Máis de sesenta anos despois da súa estrea, continúa demostrando que unha idea sinxela pode dar lugar a un universo sonoro de extraordinaria riqueza.

6 XUÑO

20.00 h
Concerto participativo
Sala Ángel Brage
Auditorio de Galicia

Ensemble Música Práctica

O ensemble Música Práctica naceu como unha iniciativa conxunta de Fernando Buide e Alex Sanz, cun enfoque artístico versátil que adapta os seus membros e estrutura a proxectos concretos ao redor da creación musical actual. A filosofía do grupo xorde do interese por difundir e acercar a música dos nosos días abordando unha visión estética o máis ampla posible. Presentouse oficialmente no Festival Internacional da Quincena Musical de San Sebastián e ten colaborado con intérpretes como Abraham Cupeiro. O seu repertorio abrangue desde autores xa clásicos do século XX como Stockhausen ou Terry Riley, ata creadores contemporáneos como Caroline Shaw, Martin Bresnick ou Mercedes Zavala. Buide, recoñecido como compositor e intérprete, ten creado desde música para un só instrumento ata obras sinfónicas e ópera. As súas composicións foron programadas por formacións internacionais —Orquestra de Filadelfia, Sinfónicas de Pittsburgh e Minnesota— e polas principais agrupacións do país, entre elas a Orquesta Nacional de España, a JONDE, a Real Filharmonía ou a Sinfónica de Galicia.

Neste concerto participativo, os integrantes do ensemble, Fernando Buide (piano), Joan Ibáñez (frauta), Manuel Lorenzo (violonchelo) e Alejandro Sanz (percusión), contarán coa colaboración do estudantado da Escola Municipal de Música.

Estudantado da EMM de Santiago de Compostela

A Escola Municipal de Música (EMM) de Santiago de Compostela é un espazo público de formación e participación musical que achega a práctica e o coñecemento da música á cidadanía. Cunha vocación aberta e integradora, promove a aprendizaxe musical entre persoas de diferentes idades e niveis, favorecendo tanto a formación individual como a práctica colectiva. A través da súa actividade docente e das diferentes agrupacións, concertos e iniciativas que desenvolve ao longo do curso, a Escola contribúe á dinamización cultural da cidade, á creación de novos públicos e a facer da música unha ferramenta de encontro, convivencia e participación.



CONTEMPORÁNEAS

Organiza e edita
Compostela Cultura

Deseño e maquetación
Igráfica

Impresión
Gráficas Garabal

Santiago de Compostela,
setembro de 2026

INFORMACIÓN SOBRE ACCESO
Todos os concertos son de balde previa retirada de convites, dispoñibles en:
—compostelacultura.gal
—Na Zona C · Punto de Información Cultural. Aberta de martes a sábado, de 11 a 14 horas e de 16 a 19 horas
—No espazo en que se desenvolve cada concerto, dende unha hora antes do seu comezo

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo das Nacións
981 552 290

TEATRO PRINCIPAL
Rúa Nova, 21
981 542 349

CASA DAS MÁQUINAS
Rúa de Galeras

ZONA C · Punto de Información Cultural
Rúa do Preguntoiro, 1
981 542 462

ADVERTENCIA
A información contida neste folleto podería experimentar cambios. Recoméndase contrastala en compostelacultura.gal

@compostelacultura
CompostelaCultura
@CCultura

CONCELLO DE SANTIAGO

Deputación DA CORUÑA

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CULTURA · inaem INSTITUTO NACIONAL DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA

JONDE JOVEN ORQUESTA NACIONAL DE ESPAÑA